



Nº Exp. 2017035554

BASES DO CONCURSO DE IDEAS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, PARA A SELECCIÓN DE TRES PROPOSTAS DE ESTUDO TÉCNICO QUE SERVA DE BASE PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO CONSTRUCTIVO DUNHA PONTE PARA PEÓNS E BICICLETAS SOBRE O RÍO MIÑO, ENTRE OS PARQUES ESPAZO FORTALEZA EN GOIANTOMIÑO (ESPAÑA) E O CASTELINHO EN VILA NOVA DE CERVEIRA (PORTUGAL)”, NO MARCO DO PROXECTO “0044_VISIT_RIO_MINHO_1_P”, COFINANCIADO POLO FEDER (75%) DENTRO DA PRIMEIRA CONVOCATORIA DE AXUDAS DO PROGRAMA OPERATIVO DE COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA ESPAÑA-PORTUGAL (POCTEP) 2014-2020 INTERREG V A.

RECTIFICADAS MEDIANTE RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL NÚM. 2017018224, DE 04/10/2017.

1. ANTECEDENTES	4
2. OBJETO.....	5
3. RÉXIME XURÍDICO.....	5
4. FINANCIAMENTO	6
5. RECURSOS E XURISDICIÓN COMPETENTE.....	7
6. PERFIL DO CONTRATANTE.	7
7. ANONIMATO DAS PROPOSTAS	7
8. XESTIÓN DE PREGUNTAS E RESPOSTAS DOS PARTICIPANTES DO CONCURSO.....	8
9. NOTIFICACIÓNS ELECTRÓNICAS.....	8
10. PARTICIPANTES DO CONCURSO.....	9
11. PRIMAS DE PARTICIPACIÓN	12
12. CONTRATACIÓN POSTERIOR DA REDACCIÓN DO ANTEPROXECTO E DA EVENTUAL REDACCIÓN DO PROXECTO CONSTRUCTIVO.	12
13. RENUNCIA E DESISTIMENTO	13
14. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS; LUGAR E FORMALIDADES; DOCUMENTACIÓN.....	14
14.1. Lugar e prazo de presentación	14
14.2. Formalidades	15
14.3. Documentación a presentar no Sobre A “Documentación administrativa e de identificación”	15
14.4. Documentación a presentar no Sobre B “Documentación técnica”	16
15. AVALIACIÓN DAS PROPOSTAS	17
16. XURADO	18
16.1. Composición	18
16.2. Funcións do Xurado.	19
16.3. Funcionamento do Xurado.	19

16.4. Procedemento de deliberación, votación e fallo do Concurso.....	20
17. ADXUDICACIÓN DAS PRIMAS DE PARTICIPACIÓN.....	20
17.1. Aspectos xerais para a adxudicación.....	20
17.2. Requirimento de documentación.....	21
18. DEREITO DE INFORMACIÓN AOS CONCURSANTES.....	23
19. DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL.....	23
20. CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS.....	24
21. EXPOSICIÓN E PUBLICACIÓN.....	24
22. GASTOS POR CONTA DOS FINALISTAS DO CONCURSO.....	25
23. ABONO DAS PRIMAS DE PARTICIPACIÓN.....	25
ANEXO I. MODELO DE IDENTIFICACIÓN DOS CONCURSANTES.....	26
ANEXO II. DECLARACIÓN RESPONSABLE.....	28
ANEXO III. MODELO DE ACREDITACIÓN DE SOLVENCIA TÉCNICA DOS SERVIZOS REALIZADOS.....	29

1. ANTECEDENTES

I. Con data de 8 de xullo de 2016, a Deputación Provincial de Pontevedra, a cámara municipal de Vila Nova de Cerveira (Portugal) e o concello de Tomiño asinaron un protocolo de colaboración co obxectivo de facilitar a necesaria colaboración entre ditas entidades para promover as accións necesarias para redactar o anteproxecto dunha PONTE PARA PEÓNS E BICICLETAS SOBRE O RÍO MIÑO, ENTRE OS PARQUES ESPAZO FORTALEZA EN GOIAN-TOMIÑO (ESPAÑA), E O CASTELINHO EN VILA NOVA DE CERVEIRA (PORTUGAL), para a elección do cal, dado o carácter simbólico da ponte –tanto polas características medioambientais do entorno, como polos obxectivos estratéxicos que a súa realización persegue–, prevese como procedemento mais axeitado a convocatoria dun concurso público de ideas de carácter internacional aberto á libre concorrencia.

Segundo o acordado na estipulación terceira do referido protocolo de colaboración, correspóndelle á Deputación Provincial de Pontevedra realizar a convocatoria do referido concurso internacional de ideas.

II. A estes efectos, a Deputación participa no proxecto denominado “*Preservación e valorización do Río Miño Transfronteirizo*”, con código “0044_VISIT_RIO_MINHO_1_P”, presentado á primeira convocatoria do Programa Operativo España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 INTERREG V A, dentro da candidatura promovida pola Comunidade Intermunicipal (CIM) Alto Minho, a Deputación de Pontevedra e os concellos portugueses da beira do Río Miño. Este proxecto obtivo un cofinanciamento do 75% de fondos FEDER no marco da referida convocatoria do POCTEP 2014-2020 Interreg V A, cun orzamento total aprobado de 2.000.000,00 €, con unha achega do Fondos Feder da Unión Europea total que ascende a 1.500.000,00 €. A realización das actuacións correspondentes a que se refiren os presentes pregos figura na programación das actuacións a desenvolver dentro do proxecto por conta da Deputación de Pontevedra, formando parte dunha acción denominada “*Cualificación e promoción do Parque Transfronteirizo Castelinho – Fortaleza*”.

III. Os Concellos de Tomiño (Pontevedra) e Vila Nova da Cerveira (Portugal), con data de 11 de xuño de 2014, asinan a *Carta da Amizade Cerveira – Tomiño*, na que manifestan a vontade de traballar conxuntamente para mellorar a vida dos cidadáns de ambos concellos, mediante a xeración “*dunha dinámica de cooperación transfronteiriza*” entre cuxas prioridades esta a de potenciar a mobilidade e accesibilidade sustentábeis entre os dous concellos.

O eixo estratéxico nº 2 da *Axenda Estratéxica de Cooperación transfronteiriza Cerveira – Tomiño 2014-2020*, referido á mobilidade transfronteiriza, fixa como obxectivos “*Mellorar a conectividade interna entre ambas marxes do río Miño, en particular cos núcleos urbanos de Vila Nova da Cerveira e Goián (...)non só no que se refire ao transporte público (por estrada e ferroviario) nas dúas marxes do río Miño, senón tamén a mobilidade peonil*”.

En concordancia con este obxectivo a Axenda Estratéxica propón como acción a desenvolver a consistente na construción dunha ponte peonil entre os dous espazos existentes á beira do río Miño, fronte por fronte, como son o parque de O Castelinho de Vila Nova de Cerveira e mais o Espazo Fortaleza de Tomiño, conformando un único espazo de ocio e lecer, de carácter singular e proxección eurorrexional que se denominará Parque Transfronteirizo Castelinho-Fortaleza.

A realización desta infraestrutura de sostibilidade permitirá o incremento das relacións entre ambas comunidades e a comunicación directa dos núcleos urbanos de Goián - Tomiño e de Vila Nova de Cerveira, incrementando as relacións sociais comerciais e culturais existentes historicamente, ademais de permitir nun futuro o acceso aos habitantes de Tomiño e O Rosal á comunicación metropolitana e eurorrexional por

ferrocarril dende a estación de Vila Nova de Cerveira á liña ferroviaria Porto - Vigo, actualmente en proceso de modernización.

2. OBXECTO

As presentes Bases teñen por obxecto establecer as condicións económico-administrativas que rexerán o Concurso de Ideas, con intervención de Xurado, co fin de seleccionar ás tres mellores propostas de estudo técnico que sirva de base para a redacción do Anteproxecto, e a eventual redacción do Proxecto Construtivo, dunha Ponte Internacional para Peóns e Bicicletas sobre o Río Miño, entre os Parques Espazo Fortaleza, en Goián-Tomiño (Pontevedra), e O Castelinho, en Vila Nova de Cerveira (Portugal), no marco do proxecto "0044_VISIT_RIO_MINHO_1_P", cofinanciado polo FEDER (75%) dentro da 1ª convocatoria de axudas do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 INTERREG V A.

Consideraranse finalistas ás tres propostas que resolvan, do mellor modo a xuízo do Xurado, os requirimentos paisaxísticos, funcionais, estéticos, de relación co entorno e a súa natureza, sostibilidade e calquera outro valor, de conformidade co establecido nestas Bases e o Prego de Prescricións Técnicas.

Aos concursantes que sexan declarados finalistas, sen prexuízo das primas de participación que se establecen, se lles invitará a participar no procedemento negociado sen publicidade para a contratación do *"Servizo de Redacción do Anteproxecto, e da eventual Redacción do Proxecto Construtivo, dunha Ponte Internacional para Peóns e Bicicletas sobre o Río Miño, entre os Parques Espazo Fortaleza, en Goián-Tomiño (Pontevedra), e O Castelinho, en Vila Nova de Cerveira (Portugal), no marco do proxecto "0044_VISIT_RIO_MINHO_1_P", cofinanciado polo FEDER (75%) dentro da 1ª convocatoria de axudas do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 INTERREG V A."*

A codificación correspondente á nomenclatura do Vocabulario Común dos Contratos (CPV) é a seguinte:

- 71322300-4 (Servizos de deseño de pontes)
- 71000000-8 (Servizos de arquitectura, construción, enxeñería e inspección)

3. RÉXIME XURÍDICO

O presente Concurso de Ideas, con intervención de Xurado, desenvolverase conforme ao establecido nas presentes Bases, na Sección VI do Capítulo I Título I Libro III (artigos 184 a 188) e artigo 323 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, TRLCSP), no non previsto nesta sección, polas disposicións reguladoras da contratación de servizos, e calquera outra normativa que resulte de aplicación.

Asemade, terá carácter contractual o Prego de Prescricións Técnicas e a proposta de estudo técnico presentada polo gañador do Concurso.

O Concurso convócase mediante procedemento aberto, nos termos establecidos no artigo 184 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, TRLCSP), baixo a modalidade prevista no seu apartado 2.a), **Concursos de**

proxectos organizados no marco dun procedemento de adxudicación dun contrato de servizos, e a adxudicación ulterior da Redacción do Anteproxecto, e da eventual redacción do Proxecto Construtivo, realizarase conforme ao procedemento negociado sen publicidade previsto na letra d) do artigo 174 TRLCSP.

Asemade, será de aplicación a normativa vixente do FEDER, especialmente no que se refire ao Programa Operativo España-Portugal 2014-2020 INTERREG V A.

A presentación das propostas suporá a aceptación incondicional dos participantes ao contido da totalidade das presentes Bases. O descoñecemento dos documentos reguladores do concurso non lles eximirá da obriga do seu cumprimento.

4. FINANCIAMENTO

As actuacións obxecto destas bases enmárcanse dentro do proxecto "0044_VISIT_RIO_MINHO_1_P", cofinanciado polo FEDER (75%) dentro da 1ª convocatoria de axudas do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 INTERREG V A, polo que se financiará con Fondos FEDER o 75% das cantidades referenciadas deseguido.

As primas de participación deste Concurso financiaranse conforme ao seguinte detalle:

	Importe (sen IVE)	IVE (21%)	Importe total (con IVE)	Aplicación orzamentaria
Tres (3) primas de participación de 9.000,00 € cada unha	27.000,00 €	5.670,00 €	32.670,00 €	17/942.4390.227.06

O valor estimado do contrato de "*Servizo de Redacción do Anteproxecto, e da eventual Redacción do Proxecto Construtivo, dunha Ponte Internacional para Peóns e Bicicletas sobre o Río Miño, entre os Parques Espazo Fortaleza, en Goián-Tomiño (Pontevedra), e O Castelinho, en Vila Nova de Cerveira (Portugal), no marco do proxecto "0044_VISIT_RIO_MINHO_1_P", cofinanciado polo FEDER (75%) dentro da 1ª convocatoria de axudas do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 INTERREG V A.*", ascende a cantidade de **145.727,27 €**, que máis 30.602,73 € IVE fai un importe total de 176.330,00 €, imputable contra a aplicación correspondente do proxecto de gastos 1700004, que será, no seu caso, a 942.4390.227.06.

Este contrato se divide en dúas actuacións diferenciadas:

-Redacción do anteproxecto, ata un importe máximo estimado 45.000,00 € máis 9.450,00 € de IVE, que suman un total de 54.450,00 €.

-Redacción do proxecto, ata a cantidade máxima estimada de 100.727,27 € máis 21.152,73 € de IVE, que suman un total de 121.880,00 €.

As cantidades expresadas inclúen todos os factores de valoración e gastos que, segundo os documentos contractuais e a lexislación vixente, son a conta do adxudicatario, así como os tributos de calquera índole.

En todo caso, indicarse como partida independiente o importe do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE).

As propostas presentadas que superen os orzamentos base de licitación do futuro contrato do servizo de redacción do anteproxecto e da eventual redacción do proxecto construtivo da ponte serán descartadas automaticamente.

5. RECURSOS E JURISDICIÓN COMPETENTE

As cuestións litixiosas que xurdan sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos deste concurso serán resoltas polo órgano de contratación, cuxas resolucións esgotarán a vía administrativa, deixando expedita a vía xurisdiccional, contencioso-administrativa, a teor do disposto na Lei reguladora da devandita xurisdición.

6. PERFIL DO CONTRATANTE.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, en cumprimento do disposto no artigo 334 TRLCSP, e na disposición adicional terceira da Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía da unidade do mercado, desde o 15 de decembro de 2014 a Deputación de Pontevedra publicará todas as noticias, avisos e documentación relativa a este procedemento no Perfil de Contratante integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (www.contrataciondelestado.es)

7. ANONIMATO DAS PROPOSTAS

Os traballos presentaranse baixo LEMA, que deberá figurar en todos os documentos, de tal xeito que estes se manteñan anónimos ata que se produza o fallo do Xurado e a conseguinte apertura do sobre A, comprensivo da documentación administrativa e a identificación dos concursantes.

Os concursantes comprométese, polo mero feito de presentar a proposta, a non divulgala, por si ou por medio de calquera dos medios do equipo, antes do fallo do Xurado, para garantir o anonimato e preservar a obxectividade do Concurso. O incumprimento deste compromiso determinará a inmediata descalificación da proposta.

Os concursantes non poderán manter comunicacións referentes ao Concurso cos membros do Xurado. Serán excluídas as propostas que vulneren o contido da presente cláusula.

Tal e como se expón na cláusula 14 destas Bases, as propostas e a documentación esixida presentaranse baixo LEMA nun único paquete, sen outra identificación no exterior que a denominación do Concurso, número de expediente e o LEMA escollido, que aparecerá tanto nos sobres ou paquetes que conteñan os traballos, como na documentación incluída neles, de tal xeito que estes sexan examinados polo Xurado baixo absoluto anonimato. **Os datos dos concursantes reflectiranse exclusivamente no interior do sobre A de documentación administrativa co contido establecido na cláusula 14.**

Para garantir e preservar o anonimato, **no caso de envío da documentación por calquera tipo de servizo de correos ou mensaxería, será imprescindible aclarar cos responsables do envío que non debe figurar nos**

sobres ou paquetes ningún selo ou ficha adhesiva co nome do remitente, nin dato ningún que poda revelar a súa identidade.

8. XESTIÓN DE PREGUNTAS E RESPOSTAS DOS PARTICIPANTES DO CONCURSO

As preguntas que lles poidan xurdir aos interesados respecto das Bases e calquera outra documentación reguladora do concurso, durante o prazo de presentación das proposicións, deberán formularse no correo electrónico contratacion@depo.es , baixo o LEMA escollido para participar na licitación, sen que poda romperse de ningún xeito o anonimato dos candidatos, o que será motivo de exclusión.

As preguntas realizadas, coas correspondentes respostas, así como as súas posibles modificacións ou actualizacións, serán publicadas no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, para xeral coñecemento.

9. NOTIFICACIÓNS ELECTRÓNICAS

Con base ó disposto no art. 41 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e no artigo 25 do Capítulo VII do Regulamento da Administración electrónica da Deputación de Pontevedra, as notificacións relativas aos procedementos de contratación practícaranse de xeito electrónico a través da Plataforma de Contratación del Sector Público (<https://contrataciondelestado.es>).

A tal efecto, os licitadores deberán presentar como documentación obrigatoria requirida no sobre A, unha Declaración Responsable (Anexo II das presentes Bases), na que deberán establecer a dirección de correo electrónico onde queiran que se lle comuniquen as notificacións.

Para acceder á comunicación, deberán estar rexistrados na Plataforma de Contratación do Sector Público con esa mesma dirección de correo electrónico e dispor dun certificado dixital de persoa física aceptado pola plataforma de validación (como o DNI electrónico ou o emitido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre).

Cando o órgano de contratación lles envíe unha comunicación, serán informados desta circunstancia por medio dunha mensaxe de correo electrónico enviado á dirección proporcionada ao efecto ao órgano de contratación.

Asemade, cando acceda á Plataforma co seu usuario rexistrado mostraráselle un aviso na páxina de *Inicio* de que ten unha comunicación pendente de lectura.

De conformidade co artigo 43 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ó seu contido. Sen embargo, transcorridos dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda o seu contido, entenderase rexeitada, agás que, de oficio ou a instancia da persoa destinataria, poida comprobarse a imposibilidade técnica ou material do acceso.

A Deputación de Pontevedra tamén publicará os actos que procedan no seu *perfil do contratante*.

10. PARTICIPANTES DO CONCURSO.

10.1. Capacidade para contratar.

Poderán contratar coa Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non incorran nalgunha das prohibicións de contratar previstas no artigo 60 TRLCSP, e acrediten a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional esixida nestas Bases conforme aos artigos 62 e seguintes do TRLCSP.

Os empresarios deberán contar, asemade, coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Poderán concorrer ao presente concurso os arquitectos, enxeñeiros ou aqueles que teñan calquera outra titulación habilitante, españoles ou estranxeiros, de acordo coas súas especialidades e competencias específicas, que se atopen habilitados legalmente para exercer a profesión no territorio español e que non incorran en ningunha causa de incompatibilidade. Consideraranse titulados facultados legalmente para exercer no territorio español, aqueles que estean en posesión do título correspondente español, aos titulados de calquera outro Estado membro da Unión Europea ou titulados non comunitarios con título homologado en España.

As persoas que reúnan as condicións requiridas poderán presentarse individualmente ou en equipo, baixo a fórmula de Unión Temporal de Profesionais. No caso de que se presente un equipo multidisciplinar, baixo calquera forma societaria de carácter civil ou mercantil, a proposta terá que ir encabezada por un arquitecto ou enxeñeiro que reúna os requisitos antes mencionados. Asemade, as persoas xurídicas poderán participar nas mesmas condicións, sempre que os fins sociais de correspondan co obxecto do concurso, e que o director do equipo ou encargado de dirixir os traballos sexa un profesional arquitecto ou enxeñeiro con titulación suficiente, de acordo coas especialidades e competencias específicas.

Poderá contratar coa Administración as unións temporais de empresas e/ou profesionais que se constituán ao efecto, que reúnan os requisitos sinalados anteriormente, sen que sexa necesaria a súa formalización en escritura pública ata que resulten gañadoras. En todo caso, achegarán compromiso suscrito por todas as empresas e/ou profesionais integrantes na UTE, de constituírse formalmente en unión temporal no suposto de resultar gañadora do primeiro premio do concurso, indicando a súa participación e a designación dun representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a súa extinción. Os participantes da UTE quedarán obrigados solidariamente coa Deputación de Pontevedra.

Cada unha das persoas ou UTEs que tomen parte no Concurso elaborará unha única proposta. Ningún interesado poderá presentarse en unión temporal se o fixo individualmente, nin figurar en mais de unha unión temporal. Tampouco poderá presentarse un mesmo equipo técnico ou un membro deste equipo por varios concursantes. O incumprimento deste punto dará lugar á non admisión de todas as participacións que subscriba.

Non poderán concorrer á licitación aquelas empresas e profesionais que participaran na elaboración das especificacións técnicas a que se refire o presente Concurso, sempre que a devandita participación poda

provocar restricións á libre concorrència ou supoñer un trato privilexiado con respecto ao resto dos participantes.

10.2. Incompatibilidades.

Non poderán participar no Concurso, como titulares nin como membros de equipos, ademais de aqueles que incorran nalgunha das prohibicións para contratar previstas no artigo 60 TRLCSP, as persoas que estean comprendidas nos seguintes supostos:

- Os membros do Xurado e os redactores do Prego de Prescricións Técnicas.
- Os que teñan, cos anteriores, parentesco por consanguinidade ata o cuarto grao ou por afinidade ata o segundo grao.
- Os que se atopen asociados, ou manteñan relacións de servizo ou colaboración profesional cos membros do Xurado e cos redactores do Prego de Prescricións Técnicas, ou a tiveran nos dous últimos anos.
- Os funcionarios e resto do persoal ao servizo da Deputación de Pontevedra.

10.3. Solvencia económico-financiera, técnica ou profesional

Clasificación: non se esixe.

Para a acreditación da solvencia económica, financeira e técnica establécese:

A) Solvencia económica e financeira:

Deberase acreditar un volume anual de negocios referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos exercicios concluídos por un importe mínimo de 218.590,90 € (IVE excluído).

Documentación a presentar:

a) No caso de Entidades con personalidade xurídica propia (sociedades mercantís):

- Contas Anuais dos tres últimos anos presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda, e/ou os modelos 200 (Declaración-liquidación do Imposto sobre Sociedades) dos tres últimos anos

b) No caso de Titulares de actividades económicas no ámbito do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF)

b.1) Empresarios e profesionais con tributación do IRPF mediante o método de estimación directa normal ou simplificada.

- Libro rexistro de vendas e ingresos dos tres últimos anos. (Debendo estar debidamente legalizados para aqueles que teñan dita obriga).
- Modelo 390 (Declaración resumen anual I.V.A.) dos tres últimos anos e/o modelo 100 (Documento de ingreso ou devolución da declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas) dos tres últimos anos.

b.2) Empresarios e profesionais con tributación do IRPF mediante o método de estimación obxectiva.

- Libro rexistro de vendas e ingresos dos tres últimos anos e/o modelo 100 (Documento de ingreso ou devolución da declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas) dos últimos tres anos.
- Declaración responsable asinada polo representante legal que acredite que o libro de rexistro de vendas e ingresos reflexa a *imaxe fiel* da actividade económica da empresa. No caso de non dispoñer do libro de rexistro de vendas e ingresos, a declaración debe acreditar que o rendemento neto da actividade reflexa a *imaxe fiel* da actividade económica da empresa.

B) Solvencia técnica

Para acreditar a solvencia técnica o licitador deberá presentar os seguintes documentos:

- Relación dos principais servizos realizados no curso dos cinco últimos anos relacionados co obxecto do contrato, estes certificados indicarán o seu importe, as datas e destinatario, público ou privado, e precisarase si se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se levaron normalmente a bo termo (cumprimentar o Anexo III).

Os servizos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados por un único órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou por este, a falta do certificado, mediante unha declaración do empresario.

O importe anual acumulado destes contratos no ano de maior execución (IVE excluído) debe ser maior ou igual a 102.009,00 euros.

Entenderase por servizos relacionados co obxecto do contrato os coincidentes cos códigos do Vocabulario Común dos Contratos (CPV) indicados na cláusula 2 das presentes Bases.

-Documentación acreditativa da efectiva disposición dos medios persoais que a empresa se comprometeu a adscribir á axeitada execución do contrato, que como mínimo deben ser:

- **Coordinador do Equipo:** Técnico superior con experiencia contrastada no deseño, proxecto e construción de obras similares á proposta nestas bases. Deberá acreditar polo menos 10 anos de experiencia acumulada, así como a realización dos servizos profesionais de deseño, proxecto e dirección ou control de execución dunha ponte ou pasarela cun van principal de máis de 75 metros, ou dalgunha outra estrutura singular de semellante complexidade, nomeadamente no referido aos seus requirimentos estruturais.
- **Responsable de Proxecto.** Técnico superior especialista en estruturas, con experiencia contrastada no deseño e proxecto de pontes ou pasarelas singulares. Deberá acreditar polo menos 5 anos de experiencia acumulada, e a autoría dun proxecto de ponte ou pasarela cun van principal de máis de 75 metros, ou dalgunha outra estrutura singular de semellante complexidade, nomeadamente no referido aos seus requirimentos estruturais.
- **Técnico especialista,** con experiencia acreditada en estudos ambientais, con polo menos 5 anos de experiencia acumulada, en proxectos ligados á enxeñería civil.

No caso de que sexan persoal pertencente á empresa proposta para adxudicar o contrato, acreditarase aportando o CV, os TC's dos tres últimos meses e a Vida Laboral das persoas propostas.

No caso de que non sexa persoal pertencente á empresa, acreditarase a experiencia aportando un compromiso persoal asinado por ambas partes (empresa e persoa traballadora) na que ambas partes se comprometan a colaborar na execución do contrato desempeñando o posto de XX, un CV e a súa vida laboral.

11. PRIMAS DE PARTICIPACIÓN

As propostas seleccionadas como as tres mellores terán a consideración de “finalistas” e contarán, cada unha, cunha dotación (global para as empresas ou conxunto de profesionais que participen nela) de 9.000,00 euros (IVE excluído) en concepto de prima de participación ou indemnización.

As primas de participación terán o carácter de contraprestación económica pola entrega e posta a disposición da Administración convocante dos traballos realizados para participar no procedemento negociado, polo cal estarán suxeitas a IVE e ás retencións a conta do IRPF que no seu caso procedan.

O pago das devanditas primas queda condicionado, en todo caso, á efectiva participación no procedemento negociado coa presentación dos estudos técnicos e demais documentación esixida.

Para os efectos do IRPF, os empresarios non residentes no Estado español deberán presentar certificado de residencia fiscal.

A Administración convocante poderá facer uso libremente de calquera das ideas ou propostas técnicas contidas en calquera das propostas arquitectónicas presentadas polos finalistas, sen ter que pagar por elo cantidade adicional algunha aos seus autores.

12. CONTRATACIÓN POSTERIOR DA REDACCIÓN DO ANTEPROXECTO E DA EVENTUAL REDACCIÓN DO PROXECTO CONSTRUCTIVO.

Para a contratación do servizo de Redacción do Anteproxecto, e da eventual redacción do Proxecto Construtivo da ponte, abrirase un **procedemento negociado**, sen publicidade, conforme ao disposto no artigo 174.d TRLCSP, e os aspectos económicos e técnicos serán obxecto de negociación entre os finalistas invitados a participar e a Administración contratante.

O importe máximo establecido para a redacción do anteproxecto establécese en 45.000,00 € máis 9.450,00 € de IVE, que suman un total de 54.450,00 €. Este importe incluírá a realización de todos os estudos e documentos necesarios, incluso aqueles que resulten precisos para a obtención de cantas autorizacións e informes sectoriais sexan necesarias para a aprobación do proxecto polas administracións competentes en España e Portugal, incluídos os referidos á tramitación ambiental, así como a asistencia á Administración convocante na súa tramitación.

A fase de redacción de Proxecto de Construción da ponte realizarase unha vez que a administración teña os permisos e autorizacións pertinentes e deberá entregarse o documento final dentro do período de execución elixible do proxecto “0044_VISIT:MINHO_1_P”, cofinanciado ó 75% con Fondos FEDER no marco do

Programa Operativo de Cooperación Transfronteriza España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 INTERREG V A. O prezo destes servizos estimase na cantidade de 100.727,27 € máis 21.152,73 € de IVE, que suman un total de 121.880,00 €.

Se no prazo de dous anos a Deputación Provincial non puidese xestionar e concretar, total ou parcialmente, o encargo dos citados servizos profesionais, por algún dos motivos que se relacionan, o gañador non terá dereito a reclamar indemnización ningunha e resolverase o contrato.

Os motivos que habilitan para o desistimento ou resolución do contrato serán as seguintes:

- a) Carecer das preceptivas aprobacións e/ou autorizacións administrativas o anteproxecto da ponte.
- b) Non estar en condicións de finalizar o Proxecto de Construción e Estudo de Seguridade e Saúde das Obras da ponte peonil dentro do período de execución elixible proxecto "0044_VISIT:MINHO_1_P", cofinanciado ó 75% con Fondos FEDER no marco do Programa Operativo de Cooperación Transfronteriza España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 INTERREG V A
- c) Non chegarse a un acordo no correspondente procedemento negociado.
- d) Outras razóns legais ou de oportunidade debidamente xustificadas.

O contido e alcance técnico dos citados servizos determinarase no correspondente Prego de Prescricións Técnicas.

A Administración convocante poderá esixir ao adxudicatario as variacións ao Proxecto que foran suxeridas polo Xurado, e as variacións de detalle e programáticas que puideran ser precisas en función das necesidades e obxectivos que no momento da contratación, a xuízo do Órgano de Contratación, se requiran por razóns técnicas, económicas ou de outro tipo, sempre que tales variacións non alteren substancialmente a idea gañadora. En todo caso, o gañador do concurso que resulte adxudicatario deberá colaborar co Servizo Técnico correspondente da Administración convocante, axustándose ás indicacións que lle puidese realizar.

A non aceptación polo finalista do Concurso das variacións establecidas pola Administración convocante dará lugar ao desistimento do contrato de servizo, sen dereito a indemnización ningunha.

A adxudicación dos servizos de redacción do Proxecto Construtivo, quedará condicionada, en todo caso, á existencia de crédito axeitado e suficiente no respectivo orzamento, e á acreditación dos requisitos para contratar, solvencia e ausencia de prohibicións establecidos conforme ao artigo 54 TRLCSP.

13. RENUNCIA E DESISTIMENTO

O Órgano de Contratación poderá acordar, con anterioridade á súa adxudicación, a renuncia á celebración do Concurso, por razóns de interese público debidamente xustificadas, ou o desistimento do procedemento baseado nunha infracción non emendable das normas de preparación do Concurso ou das reguladoras do procedemento de adxudicación.

Esta circunstancia deberá ser notificada aos licitadores e comunicarse á Comisión Europea cando o Concurso fose anunciado no Diario oficial da Unión Europea (artigo 155 TRLCSP).

14. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN; LUGAR E FORMALIDADES; DOCUMENTACIÓN

14.1. Lugar e prazo de presentación

- Presentación no Rexistro Xeral ou auxiliares da Deputación de Pontevedra

As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral da Deputación (Horario: na sede de Pontevedra, de luns a venres, de 8.30 a 14.30 horas, e de 17.00 a 19.00 horas; e na sede de Vigo, de luns a venres, de 9.00 a 14.00 horas. Nos meses de xullo e agosto, o horario será, na sede de Pontevedra, de luns a venres, de 8.30 a 14.30 horas), durante un prazo de **sesenta días naturais** (artigo 159.2 do TRLCSP), a contar desde o día seguinte á publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

- Presentación mediante correo

Cando a documentación se envíe por correo o empresario deberá xustificar a data e a hora da imposición do envío, e anunciarlle ao órgano de contratación (baixo LEMA) a remisión da oferta mediante correo electrónico (contratacion@depo.es) ou mediante télex, fax (número 986 804 126) ou telegrama, sempre antes da terminación do prazo sinalado no anuncio.

Sen o cumprimento deste tramite a documentación non será admitida se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da finalización do prazo.

Para garantir e preservar o anonimato, **no caso de envío da documentación por calquera tipo de servizo de correos ou mensaxería, será imprescindible aclarar cos responsables do envío que non debe figurar nos sobres ou paquetes ningún selo ou ficha adhesiva co nome do remitente, nin dato ningún que poda revelar a súa identidade.**

No caso de ter presentada a documentación na oficina de correos, e anunciado o envío ao órgano de contratación nos termos indicados, se transcorridos dez días desde a data de finalización do prazo para a presentación de proposicións, esta non tivese entrada no Rexistro Xeral da Deputación, non será admitida.

- Presentación por calquera dos restantes procedementos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (as previsións relativas ó rexistro electrónico producirán efectos a partir do 2 de outubro do 2018).

O depósito do envío deberá ser anunciado ao órgano de contratación da mesma maneira sinalada no parágrafo anterior. Se non fose anunciado o envío, non se admitirá ningunha proposición que teña entrada no Rexistro Xeral da Deputación con posterioridade ao acto de apertura indicado no anuncio de licitación.

Se o último día de presentación de proposicións coincidise en sábado, domingo ou festivo, prorrogarase o prazo ata o primeiro día hábil seguinte a este.

14.2. Formalidades

Os traballos presentaranse baixo **LEMA**, que deberá figurar en todos os documentos, de tal xeito que estes se manteñan **anónimos** ata que se produza o fallo do Xurado e a conseguinte apertura do Sobre A, comprensivo da documentación relativa á identificación dos concursantes.

Os datos dos concursantes reflectiranse exclusivamente no interior do Sobre A, co contido que se recolle nesta cláusula.

As proposicións presentaranse nun **único paquete/caixa opaco e pechado**, no que se escribirá de forma lexible e visible, sen que sexa preciso abri-lo para a súa lectura, exclusivamente, o seguinte:

- **Título do Concurso.**
- **Número de expediente.**
- **Lema** escollido polos concursantes para preservar o anonimato.

Dentro do paquete/caixa incluíranse DOUS SOBRES PECHADOS e completamente opacos, nos que se escribirá de forma lexible e visible, sen que sexa preciso abri-lo para a súa lectura, exclusivamente, o seguinte:

- **Sobre (A ou B)**
Poñer a letra en función do sobre correspondente
- **Título do Concurso.**
- **Número de expediente.**
- **Lema** escollido polos concursantes para preservar o anonimato.

Calquera outro dato que figure, ben no paquete ou caixa, ou ben nos sobres, será obxecto de exclusión.

O lema escollido polos participantes en ningún caso deberá coincidir co seu nome real nin, no seu caso, co de ningún membro do equipo ou denominación social da persoa xurídica participante. O lema, que servirá para identificar os traballos, aparecerá en toda a documentación gráfica e escrita, no seu ángulo superior dereito. En todo caso, evitárase que na entrega no Rexistro ou no paquete aparezan datos que identifiquen aos concursantes.

Non poderá figurar, nin no exterior, nin no interior dos paquetes ou sobres, nin en ningún documento escrito ou gráfico (coa excepción dos documentos de identificación contidos dentro do Sobre A), referencia ningunha que permita identificar a autoría da proposta distinta do lema baixo a que se presenta, **sendo a vulneración deste requisito causa de exclusión.**

No suposto de presentación de propostas por correo, o anonimato deberá quedar garantido, de maneira que non aparezan datos da persoa ou empresa que realiza o envío. En caso contrario será rexeitada a proposición.

14.3. Documentación a presentar no Sobre A “Documentación administrativa e de identificación”

Neste sobre presentarase, en tamaño DIN A4, a seguinte documentación:

- Identificación do concursante, de conformidade co modelo que se achega no Anexo I.
- Indicarase de xeito expreso se, no caso de non resultar finalista, o concursante prefire permanecer no anonimato, tanto na exposición pública dos traballos presentados, como na súa posible

publicación. A ausencia deste dato será interpretado como que o autor non desexa conservar o anonimato. Os traballos premiados (finalistas) non poderán conservar o anonimato, aínda cando o houberan solicitado expresamente.

- Declaración responsable, de conformidade co modelo que se achega no Anexo II.
- Declaración responsable do arquitecto/enxeñeiro/equivalente de estar colexiado ou, se é o caso, colexialización ou inscrición da sociedade no rexistro do Colexio Profesional correspondente.
- No caso de que os participantes decidan unirse para a realización dos traballos deberán presentar o compromiso de constitución en Unión Temporal de Empresas ou Profesionais.

14.4. Documentación a presentar no Sobre B “Documentación técnica”

Debe conter a documentación que figura detallada a continuación:

a) Documentación a enviar en soporte papel:

- Ata un máximo de **tres (3) paneis** en tamaño **DIN A2** a unha soa cara, maquetados en horizontal e montados en taboleiros lixeiros tipo cartón pluma, nos que os concursantes expoñan os aspectos fundamentais das características xerais da proposta: funcionais, estruturais e construtivas que permitan a comprensión global da proposta de forma que o Xurado poda valorar o seu interese e idoneidade en relación cos obxectivos perseguidos.

Os paneis serán de libre contido e composición e os planos que conteñan representaranse a escalas definidas e de uso común.

Os paneis contarán cun encabezado no que figure a denominación do concurso, co apéndice: FASE I – CONCURSO DE IDEAS; e o lema do concursante

- Un exemplar, encadernado en formato DIN A-3, con un máximo de dez (10) páxinas, que conteña:
 - Memoria descritiva da proposta e xustificativa das solucións de tipo xeral adoptadas que poderá ir acompañada de esquemas, debuxos, planos e imaxes que permitan clarificar as explicacións.
 - Avance do orzamento das obras propostas con estimación global.

O orzamento non poderá superar a cantidade máxima de 3.400.000 EUROS, IVE ENGADIDO

- A reprodución en tamaño reducido DIN A3 dos paneis presentados (non contarán a efectos do número máximo de páxinas admitido).

Todas as páxinas do exemplar contarán cun encabezado no que figure a denominación do concurso, co apéndice: FASE 1 – CONCURSO DE IDEAS; e o lema do concursante.

b) Documentación a entregar en formato dixital:

- CD ROM. O contido do CD ROM coincidirá co dos paneis presentados e documentación que se achegue. A memoria presentarase nun único arquivo en formato PDF e cada panel presentarase, igualmente, como un arquivo independente en formato PDF. Sobre o disco se rotulará, con tinta indeleble, o lema elixido polo concursante.

Nota: Cada concursante ou equipo concursante será responsable de protexer a documentación da súa proposta e de enviala en data, non facéndose responsable a Deputación de Pontevedra daquelas propostas que cheguen en mal estado.

As propostas deberán presentarse insertando os logos da Deputación de Pontevedra e os logos oficiais do Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 INTERREG V A e do FEDER, que se lle poderán facilitar no Servizo de Cooperación da Deputación de Pontevedra (cooperacion@depo.es).

Asemade, os concursantes deberán recoller unha mención expresa a que as súas propostas enmárcanse dentro dunha actuación do Proxecto “0044_VISIT_RIO_MINHO_1_P”, cofinanciado polo FEDER (75%) dentro da 1ª convocatoria de axudas do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 INTERREG V A.

15. AVALIACIÓN DAS PROPOSTAS

Para a valoración das proposicións atenderase a unha pluralidade de criterios directamente vinculados ao obxecto do concurso:

1. Adecuación funcional. (20 puntos)

Valorarase a mellor adecuación das propostas aos obxectivos formulados e prestacións requiridas, nomeadamente nos seguintes aspectos:

- Integración nas redes viarias e espazos públicos dunha e outra banda do río.
- Condicións funcionais, de accesibilidade e de uso dos distintos modos.
- Minimización das afeccións ás condicións de navegabilidade do río.

2. Integración ambiental. (20 puntos)

Valorarase:

- Integración ambiental paisaxística e compatibilidade co espazo natural de ribeira
- Respecto e integración cos elementos do patrimonio histórico do contorno.
- Integración e valorización dos parques de O Casteliño e Espazo Fortaleza.
- Minimización de afeccións aos sistemas de ribeira, e ás praias fluviais.

3. Viabilidade técnica e construtiva da solución proposta. (20 puntos)

Valorarase a mellor adecuación das solucións estruturais propostas ás características da ponte a realizar e ás condicións do emprazamento, así como á congruencia do procedemento de construción e a tipoloxía estrutural propostos.

- Xustificación da tipoloxía estrutural proposta.

- Xustificación do procedemento construtivo proposto.

4. Viabilidade económica da solución proposta. (15 puntos)

Valorarase:

- Adecuación da proposta ás condicións económico-financeiras de partida.
- Congruencia e a fiabilidade dos orzamentos estimados das obras propostas.

5. Calidade formal da proposta. (15 puntos)

Valorarase a orixinalidade e calidade plástica das propostas, así como a súa capacidade de constituír un novo referente na paisaxe representativo da irmandade entre os pobos das dúas beiras do río.

6. Calidade da documentación presentada. (10 puntos)

Valorarase:

- Calidade das presentacións: atractivo, orixinalidade, facilidade de comprensión e rigor.
- Coherencia da descrición e obxectivos da solución cos planos, deseños, e demais documentación presentada.

Para poder ser seleccionadas como finalistas as propostas presentadas deberán alcanzar unha **valoración mínima de 55 puntos**, de modo que as propostas que non alcancen dita puntuación quedarán excluídas do concurso.

16. XURADO

De acordo co artigo 323 TRLCSP, a Mesa de Contratación constituirase en Xurado dos concursos de proxectos. Será o órgano responsable de avaliar e clasificar as propostas presentadas a fin de determinar aquela que estime mais axeitada aos fins obxecto da licitación, de acordo cos criterios de avaliación establecidos nas presentes Bases. Unha vez recaído o seu fallo, o elevará ao órgano de contratación para a aprobación e resolución do concurso.

A súa actuación axustarase ao establecido nestas Bases e, supletoriamente, ao establecido para os órganos colexiados na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

16.1. Composición

O Xurado estará composto por persoas físicas independentes dos participantes no Concurso, e polo menos un terzo dos seus membros deberá posuír a mesma ou equivalente cualificación profesional que a esixida aos concursantes. Un deles será o Presidente, e nomearase a un Secretario.

Unha vez nomeado o Xurado polo órgano competente, a identidade dos membros que o compoñen será publicada no *Perfil do Contratante* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, aos efectos de poder solventar posibles incompatibilidades segundo o contido na cláusula 10.2 destas Bases.

16.2. Funcións do Xurado.

Serán funcións do Xurado:

- A análise da documentación e a admisión definitiva dos traballos recibidos.
- A análise e avaliación das propostas presentadas.
- A vixilancia e o cumprimento do anonimato rigoroso co que deberá examinarse a documentación.
- A proposta razoada de exclusión de aqueles traballos non admitidos, que se recollerá en acta e que poderá deberse ás seguintes causas:
 - Entrega das propostas fora do prazo ou sen axustarse ao establecido nas presentes Bases.
 - Insuficiencia da documentación achegada para a axeitada avaliación da proposta.
 - A presentación de traballos xa publicados ou divulgados, ou a divulgación da proposta presentada antes da proclamación dos resultados.
 - A existencia de inexactitudes e contradicións fragrantas no contido da proposta.
 - A presentación de máis de unha proposición, individualmente ou como membros de unha ou máis unións temporais de empresas.
 - Calquera intento de presión aos membros do Xurado, debidamente acreditada.
 - Quebrantamento do anonimato por revelación da súa autoría, calquera que sexa o medio empregado ou por difusión ou publicación da proposta antes do fallo.
 - Calquera outro incumprimento da Lei ou das condicións destas bases.
- A proposta razoada da resolución definitiva en relación con todas as propostas premiadas que figurará na acta.

16.3. Funcionamento do Xurado.

O Xurado reunirse en sesións, previa convocatoria efectuada polo seu Secretario, cunha antelación mínima de corenta e oito horas, para a análise da documentación, admisión e exclusión dos traballos presentados.

Para a válida constitución do órgano, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a asistencia do seu Presidente e Secretario ou, no seu caso, de quen lles suplan, e a da metade, polo menos, dos seus membros.

As súas decisións serán tomadas por maioría simple, dispoñendo o seu Presidente de voto de calidade no caso de empate. De cada sesión que celebre o Xurado, levantarase acta polo Secretario.

Mentres non se produza o fallo, os membros do Xurado gardarán segredo das deliberacións, e absteranse de revelar fora das súas sesións as informacións ás que tiveran acceso no exercicio da súa función.

Para o exercicio das súas funcións, o Xurado poderá solicitar os informes técnicos que considere necesarios ou convenientes para a correcta avaliación dos traballos propostos, respectando sempre o anonimato das propostas.

Os aspectos non previstos ou non regulados nas presentes Bases, así como a súa interpretación no caso de dúbida ou de outras cuestións suscitadas no desenvolvemento do Concurso, serán resoltas polo Órgano de Contratación, a proposta do Xurado. Os seus acordos gozarán da presunción de interpretación auténtica das presentes Bases.

16.4. Procedemento de deliberación, votación e fallo do Concurso.

Unha vez rematado o prazo de presentación das proposicións, e nomeado ao Xurado, este reunirse, previa convocatoria, para a súa constitución e para a apertura da documentación técnica (sobre B) das proposicións presentadas en tempo e forma. Unha vez celebrada a sesión, publicarase no Perfil do Contratante a relación das propostas admitidas e excluídas, e, no seu caso, o motivo da exclusión.

Posteriormente, o Xurado avaliará as propostas, aplicando os criterios establecidos nestas Bases, e as clasificará pola orde de puntuación acadada en aplicación dos referidos criterios, declarando excluídas do concurso ás propostas que non alcancen a puntuación mínima esixida.

O fallo do Xurado indicará, polo seu lema, cales son as tres propostas gañadoras que merezan a consideración de finalistas, e pronunciarse, asemade, sobre as propostas excluídas, podendo establecer unha lista de reserva con outras tres propostas, segundo a orde de puntuación acadada, para o caso de que as finalistas non acreditasen a capacidade de contratar e solvencia esixidas na contratación.

No caso de que considere que as propostas non alcanzan o nivel mínimo esixido, o Xurado, mediante decisión motivada, poderá deixar total ou parcialmente deserto o concurso.

Unha vez emitido o fallo, procederase á apertura dos Sobres A das propostas finalistas, nun acto público ao que se convocará a todos os concursantes por medio do Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, polo menos con cinco días de antelación. Asemade, procederase á apertura da documentación identificativa dos candidatos excluídos aos efectos da oportuna notificación do acto de exclusión, coa apertura do prazo establecido para a interposición do recurso especial ao que se refire o artigo 40 TRLCSP, no seu caso.

O prazo para a emisión do fallo do Xurado e adxudicación do concurso será de dous meses desde a finalización do prazo para a presentación das propostas. Se pola cantidade dos traballos presentados non fora posible cumprir co devandito prazo, anunciarase tal circunstancia no Perfil do Contratante, anunciando o novo prazo para a adxudicación dos premios do Concurso.

17. ADXUDICACIÓN DAS PRIMAS DE PARTICIPACIÓN.

17.1. Aspectos xerais para a adxudicación.

O órgano de contratación declarará os finalistas do Concurso conforme á proposta do Xurado, incluíndo, no seu caso, as modificacións necesarias nas propostas para garantir a súa viabilidade, sempre de conformidade cos respectivos concursantes.

A concesión das primas de participación quedará condicionada a que se incluíra a preceptiva documentación, e que esta sexa a correcta e demostre a capacidade para contratar, ausencias de prohibicións de contratar e demais requisitos sinalados nestas Bases, así como a que, no seu momento, se presenten os traballos e documentación esixida para participar no procedemento negociado.

Se o órgano de contratación observase defectos ou omisións emendables na documentación administrativa presentada por algunha das propostas seleccionadas, comunicarano aos interesados para que nun prazo de dez días hábiles podan emendar os devanditos defectos.

No suposto de que os concursantes seleccionados como finalistas non cumpran cos requisitos esixidos ou non emendara os defectos, o órgano de contratación deixará sen efecto o fallo do Xurado e reservase o dereito a declaralo deserto, total ou parcialmente, previa audiencia do Xurado. No seu caso, requirirá a preceptiva documentación ao concursante/s da lista de reserva, pola orde de puntuación acadado, adxudicándolles o concurso sempre que cumpran os requisitos esixidos nas presentes Bases. Si ningún dos finalistas cumprira cos requisitos esixidos declararase deserto o concurso.

O órgano de contratación deberá adxudicar as primas de participación do Concurso, dentro dos cinco días hábiles seguintes ao da recepción da documentación.

A adxudicación deberá acomodarse á proposta do Xurado, agás que expresamente se xustifiquen os motivos para apartarse de tal proposta.

A notificación deberá notificarse aos participantes, agás a aqueles que exercitaran expresamente o seu dereito a manterse no anonimato, e, simultaneamente, publicarse no *Perfil do Contratante*.

17.2. Requirimento de documentación.

Para a adxudicación do Concurso, sen prexuízo do requirimento da documentación acreditativa que, de conformidade co disposto no artigo 151.2 do TRLCSP, poda realizarse para a posterior adxudicación do contrato de redacción do anteproxecto, e da eventual redacción do proxecto construtivo, no procedemento negociado, o órgano de contratación, requirirá aos concursantes que presentaran as propostas gañadoras para que, dentro do prazo de dez días hábiles, entreguen a seguinte documentación:

1. Certificado correspondente á colexialización ou inscrición da sociedade no rexistro do Colexio Profesional correspondente.

2. A capacidade de obrar dos empresarios que fosen persoas xurídicas acreditarase mediante a escritura de constitución ou modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible segundo a lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fose a acreditación da capacidade de obrar realizárase mediante escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente rexistro oficial.

Cando se trate de empresarios non españois de estados membros da Comunidade Europea deberán acreditar a súa inscrición nos rexistros ou achegar as certificacións descritas no artigo 9 do Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar cun informe da Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar do domicilio da empresa, no que se faga constar, previa acreditación por parte da empresa, que figuran inscritas no rexistro local profesional, comercial ou análogo, ou na súa falta, que actúan habitualmente no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato. Ademais, deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente de España ou da Secretaría Xeral de Comercio Exterior do Ministerio de Economía e Facenda sobre a condición de estado signatario do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio, nos casos previstos no Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

Se é persoa física o documento que acredite a súa personalidade (Documento Nacional de Identidade para españois; pasaporte, autorización de residencia e permiso de traballo, no seu caso, ou calquera outro documento equivalente para estranxeiros).

Se o asinante da proposición actúa en calidade de representante do licitador deberá achegarse o documento que acredite a personalidade deste representante (DNI para españois; pasaporte, autorización de residencia e permiso de traballo no seu caso, ou calquera outro documento equivalente para estranxeiros) e, ademais, poder bastantado en Dereito ó seu favor, debidamente inscrito no rexistro oficial correspondente que habilite para concorrer á celebración de contratos coas administracións públicas.

No caso de concorreren á licitación varias empresas constituíndo unha unión temporal cada unha delas deberá acreditar a súa personalidade e capacidade indicando os nomes e as circunstancias dos empresarios que subscriben as proposicións, a participación de cada unha delas designando a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, ha de desempeñar a representación da unión temporal ante a Administración.

3. Poder debidamente bastantado

Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro ou representen a unha persoa xurídica deberán presentar tamén unha escritura de poder debidamente bastantado por un fedatario público.

4. Para as empresas estranxeiras, declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois, de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do concurso, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponder ao concursante.

5. Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social ó abeiro dos artigos 14 e 15 do RXLCAP, que acredite que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.

6. Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria ao abeiro dos artigos 13 e 15 do RXLCAP que acredite que se atopa ó corrente do pagamento das súas obrigas tributarias.

7. Orixinal ou copia compulsada da alta no Imposto de Actividades Económicas na epígrafe correspondente ao obxecto do concurso, referida ao exercicio corrente, ou o último recibo completado cunha declaración responsable de non estar dado de baixa na matrícula do citado imposto. Sen prexuízo de acreditar a alta no imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións previstas no artigo 82 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, deberá acreditarse, ben mediante certificación da exención outorgada polo órgano competente, ou ben mediante declaración responsable de atoparse exento segundo o establecido no artigo 82.1.c) da citada Lei.

8. Documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica:

Os licitadores deberán acreditar a súa solvencia económica, financeira e técnica nos termos e polos medios que se especifiquen no anuncio de licitación e que se relacionan na cláusula 10.3 destas Bases. No mesmo apartado especifícanse os requisitos mínimos de solvencia en función dos medios de acreditación da solvencia económica, financeira e técnica.

Para a determinación da solvencia das unións temporais de empresarios acumularanse as características acreditadas por cada un dos seus integrantes.

Os licitadores poderán acreditar a súa solvencia baseándose na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que para a execución do contrato dispón efectivamente deses medios.

9. Documento acreditativo do pagamento dos anuncios.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, procederase nese caso a recadar a mesma documentación ao licitador seguinte, polo orde no que houberen quedado as proposicións, en consonancia co establecido no apartado 1 desta cláusula.

18. DEREITO DE INFORMACIÓN AOS CONCURSANTES

Todos os concursantes teñen dereito a examinar os traballos admitidos durante o período dun mes desde a comunicación do fallo do Xurado. No caso de acordarse a exposición pública dos traballos, entenderase que este dereito de información quedará cumprido pola apertura ao público da devandita exposición e/ou publicación no Perfil do Contratante.

Toda a documentación gráfica e escrita comprensiva das propostas técnicas dos distintos participantes quedará en poder da entidade convocante coa finalidade de xestionar a publicación dos resultados do Concurso.

19. DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL

Os finalistas cederán á Administración convocante os dereitos de explotación, reprodución, exposición e publicación das propostas presentadas ao concurso, de conformidade coa lexislación de propiedade intelectual e para o ámbito nacional e internacional e sen límite temporal, nin de medios, incluíndo, no seu caso, as variacións de detalle e programáticas que puidesen ser precisas en función das necesidades e obxectivos que motivaron o Concurso.

Os autores conservarán a propiedade intelectual dos traballos presentados - autoría, orixinalidade da obra e do pleno exercicio dos dereitos cedidos indicados nestas Bases – non podendo ningún deles, nin sequera os premiados, ser empregados para outros fins que os referidos nas presentes Bases, nin como material para a redacción de outros proxectos por arquitectos ou enxeñeiros diferentes dos respectivos autores.

Todos os participantes do Concurso ceden á Administración convocante os dereitos de explotación que correspondan, ao obxecto de publicidade da convocatoria e os seus resultados, tales como a publicación, difusión e exposición dos traballos presentados, se ben permanecerán no anonimato aqueles participantes non premiados que o solicitaran.

Os finalistas non poderán facer ningún uso ou divulgación dos estudos e documentos elaborados co motivo da participación no concurso, ben sexa de xeito parcial ou total, sen autorización expresa do órgano de contratación.

No suposto de que a execución se realizara por un terceiro alleo á Administración convocante, esta poderá ceder a favor do terceiro os dereitos adquiridos sobre os traballos presentados polos finalistas do concurso.

20. CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

Os participantes no presente concurso deberán respectar o carácter confidencial de aquela información á que teñan acceso con ocasión do concurso en xeral. Non poderán,, sen a previa autorización escrita da Administración convocante, publicar noticias, debuxos e/ou fotografías das obras obxecto do concurso, nin autorizar a terceiros a súa publicación. O incumprimento destas obrigación establececese expresamente como causa de resolución do contrato.

En materia de protección de datos de carácter persoal estarase ao disposto na disposición adicional vixésima sexta do TRLCSP e disposicións concordantes.

Os documentos e datos presentados polos licitadores poden ser considerados de carácter confidencial cando a súa difusión a terceiros poda ser contraria a ós seus intereses comerciais lexítimos, prexudicar a leal competencia entre as empresas do sector ou ben estean comprendidos nas prohibicións establecidas na Lei de protección de Datos de Carácter Persoal. Non terá carácter confidencial a información que conste en rexistros públicos e que, ademais, sexa de acceso público.

Tal como se prevé no artigo 140 TRLCSP, os licitadores terán que indicar, se é o caso, mediante unha declaración complementaria, que documentos administrativos e técnicos e datos presentados son, ao seu parecer, constitutivos de ser considerados confidenciais, xustificando os motivos ou circunstancias en base os cales debe recoñecerse tal carácter. Esta circunstancia deberá reflectirse claramente (sobreimpresa, ao marxe ou de calquera outro xeito visible) no propio documento sinalado como tal.

Non serán admisibles as declaracións xenéricas ou que declaren que todos os documentos e información facilitada na proposta teñen carácter confidencial.

21. EXPOSICIÓN E PUBLICACIÓN

A Administración convocante poderá realizar a difusión que considere oportuna a través de exposicións e publicacións de todos ou parte dos traballos presentados ao concurso, citando a súa procedencia e autoría, agás naqueles casos nos que os concursantes solicitaran expresamente permanecer no anonimato no caso de non resultar premiados.

Igualmente, a Administración convocante poderá publicar todos os traballos presentados no soporte papel, dixital e incluso en internet nas mesmas condicións establecidas para a exposición.

22. GASTOS POR CONTA DOS FINALISTAS DO CONCURSO

Os gastos que orixine a publicación dos anuncios de licitación neste concurso, tanto nos correspondentes boletíns oficiais coma, no seu caso, na prensa, serán por conta dos adxudicatarios, na parte proporcional, sen que poida imputárselle á Administración convocante ningún pagamento por tal concepto, e sen que estes gastos superen os dous mil (2.000,00) euros.

23. ABONO DAS PRIMAS DE PARTICIPACIÓN

A Administración convocante comunicará aos participantes, no caso de que acorde celebrar a entrega das primas de participación en acto público, o lugar e data de celebración.

Sen prexuízo do anterior, o pago das primas de participación previstas no presente concurso realizarse contra factura expedida polo respectivo finalista, en concepto da prima recibida, polo importe que corresponda segundo as contías sinaladas na cláusula 11 destas Bases, á que se engadirá a cantidade correspondente en concepto de IVE.

Se o finalista concorrera ao concurso mediante compromiso de constitución en UTE, esta deberá formalizarse con anterioridade á expedición da correspondente factura polo importe da prima de participación.

A Administración deberá aboar o importe das facturas dentro do prazo establecido no artigo 216.4 TRLCSP. No caso de demora pola Administración no pago da prima, esta deberá aboar ao concursante, a partir do cumprimento do prazo estipulado, os interese de demora e a indemnización polos custes de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas de importe superior a 5.000,00€ deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do *Punto General de Entrada de Facturas Electrónicas de la Administración General del Estado FACe*, ao que pode accederse dende a *Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra* (sede.depo.es), no tempo e forma, a efectos de que o órgano administrativo ó que corresponde proceda a súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

As facturas emitidas deberan conter unha mención expresa ao proxecto “0044_VISIT_MINHO_1_P” e ao cofinanciamento do 75% con Fondos FEDER, dentro do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 INTERREG V A.

Os códigos DIR 3 que identifican o presente procedemento e que se especificarán nas correspondentes facturas electrónicas son os seguintes:

Órgano xestor: LA0006138; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135

Se xunto coa factura o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

ANEXO I. MODELO DE IDENTIFICACIÓN DOS CONCURSANTES

IDENTIFICACIÓN DOS PARTICIPANTES QUE SE PRESENTAN AO CONCURSO DE IDEAS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, PARA A SELECCIÓN DE TRES PROPOSTAS DE ESTUDO TÉCNICO QUE SERVA DE BASE PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO CONSTRUCTIVO DUNHA PONTE PARA PEÓNS E BICICLETAS SOBRE O RÍO MIÑO, ENTRE OS PARQUES ESPAZO FORTALEZA EN GOIAN-TOMIÑO (ESPAÑA) E O CASTELINHO EN VILA NOVA DE CERVEIRA (PORTUGAL)”, NO MARCO DO PROXECTO “0044_VISIT_RIO_MINHO_1_P”, COFINANCIADO POLO FEDER (75%) DENTRO DA PRIMEIRA CONVOCATORIA DE AXUDAS DO PROGRAMA OPERATIVO DE COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA ESPAÑA-PORTUGAL (POCTEP) 2014-2020 INTERREG V A.

D./Dna. _____, con DNI _____, na súa condición de persoa física ou, se é o caso, representante legal da empresa _____, NIF _____, tendo coñecemento da convocatoria do “Concurso de Ideas, con intervención de Xurado, para a selección de tres propostas de estudo técnico que serva de base para a redacción do proxecto constructivo dunha ponte para peóns e bicicletas sobre o Río Miño, entre os Parques Espazo Fortaleza en Goian-Tomiño (España) e O Castelinho en Vila Nova de Cerveira (Portugal)”, no marco do proxecto “0044_VISIT_RIO_MINHO_1_P”, cofinanciado polo FEDER (75%) dentro da 1ª convocatoria de axudas do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 INTERREG V A, manifesta a súa capacidade para concorrer a el, así como o coñecemento das Bases e Prego de Prescricións Técnicas que o regulan, achegando a seguinte documentación:

1. Todos os documentos requiridos nas Bases reguladoras do presente Concurso.
2. Este modelo de identificación dos participantes, debidamente asinado polo concursante persoa física ou por todos os profesionais que concorren e polo/s representante/s das persoas xurídicas.

PERSOAS FÍSICAS

(Nota: cubrir soamente no caso de que se presenten persoas físicas ou equipos multidisciplinares)

AUTOR/ES DA PROPOSTA:

- D./Dna. _____, con DNI _____
- D./Dna. _____, con DNI _____
- (...)

ARQUITECTO/S OU ENXEÑEIRO/S DIRECTORES DO PROXECTO:

- D./Dna. _____, con DNI _____
- (...)

DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:

- D./Dna. _____, con DNI _____, enderezo _____, CP _____, localidade _____, provincia _____, teléfono _____, fax _____, correo electrónico _____

PERSOAS XURÍDICAS

(Nota: cubrir soamente no caso de que se presenten persoas xurídicas)

SOCIEDADE/S AUTORA/S DA PROPOSTA:

- Sociedade _____, CIF _____, representada por D./Dna. _____, con DNI _____
- Sociedade _____, CIF _____, representada por D./Dna. _____, con DNI _____
- (...)

ARQUITECTO/S OU ENXEÑEIRO/S DIRECTORES DO PROXECTO:

- D./Dna. _____, con DNI _____
- (...)

DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:



- D./Dna. _____, con DNI _____, enderezo _____, CP _____, localidade _____, provincia _____, teléfono _____, fax _____, correo electrónico _____

_____ de _____ de 2017

(Lugar, data e sinatura de todos os profesionais que concorren ou ben do representante legal da empresa -soamente no caso de persoa xurídica-)

ANEXO II. DECLARACIÓN RESPONSABLE

Nota: este modelo pode descargarse en formato PDF para cubrir na área de descargas do seguinte enderezo web: <http://www.depo.es/descarga-de-documentos/contratacion>

DECLARACIÓN RESPONSABLE	
1. DATOS DA DECLARACIÓN	
Número de expediente:	Denominación do contrato:
2. DATOS DO DECLARANTE	
Nome e apelidos:	NIF:
Enderezo (para efectos de notificación):	C. p.:
Localidade:	Provincia:
Tel.:	Fax:
Entidade mercantil á que representa:	Cargo:
Correo-e:	CIF:
3. DECLARO RESPONSABLEMENTE QUE	
<ul style="list-style-type: none"> • A empresa cumpre as condicións establecidas legalmente no Texto refundido da Lei de contratos do sector público (en diante TRLCSP) para contratar cos Deputación de Pontevedra, tendo plena capacidade xurídica e de obrar. • A persoa que asina a proposta ten poder bastante para representar a empresa neste procedemento de contratación. • A empresa conta cos recursos (ou no seu caso clasificación) exixidos para este contrato. • No caso de que a súa oferta resulte a máis vantaxosa presentará previamente á adjudicación do contrato os documentos que se sinalan nos pregos. • Nin o asinante da declaración, nin o entidade á que representa, nin ningún dos seus administradores ou representantes se atopan incurso en ningún suposto dos que constan no artigo 60 do TRLCSP. • Non fai parte dos órganos do Goberno ou Administración de entidade ningún alto cargo dos referidos na Lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, da Lei 9/1996, de 18 de outubro, de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración autonómica, nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do rexime electoral xeral, nos termos establecidos nela. • Nin o asinante da declaración nin ningún dos administradores ou representantes da entidade á que representa é cónxuge, persoa venciñada con análoga relación de convivencia efectiva ou descendente das persoas ás que se refire o parágrafo anterior (sempre que, a respecto destes últimos, estas persoas teñan a súa representación legal). • A entidade se atopa ó cumprimento das obrigas tributarias cos Facenda estatal e autonómica impostas polas disposicións vixentes. • A entidade se atopa ó cumprimento das obrigas cos Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. • A entidade se atopa ó cumprimento das obrigas de alta e pagamento ou exención do imposto de Actividades Económicas impostas polas disposicións vixentes, o que xustificara documentalmente no momento en que sexa requirido. • A entidade se atopa inscrita no Rexistro de licitadores que a continuación se indica (márkese o que corresponde) e que as circunstancias de entidade que nel figuran a respecto dos requisitos exixidos para a admisión no procedemento de contratación son exactas e non experimentaron variación. <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Rexistro oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (núm. _____) <input type="checkbox"/> Rexistro xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (núm. _____) • En relación co establecido no artigo 145.4 do TRLCSP e no artigo 86 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas sobre empresas venciñadas, a entidade mercantil á que representa (consignar o que proceda): <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Non pertence a un grupo de empresas nin está integrada por ningún socio no que concorra algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio <input type="checkbox"/> Pertence ó grupo de empresas _____ ou está integrada por algún socio no que concorre algún dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio. A denominación social das empresas vinculadas é a seguinte: <ul style="list-style-type: none"> a) _____ b) _____ <input type="checkbox"/> AUTORIZO ó órgano de contratación a demandar os datos necesarios que obren en poder da Administración para comprobar a veracidade das declaracións realizadas <input type="checkbox"/> A EMPRESA DISPÓN de certificado dixital que lle permita asinar electronicamente (certificados dixitais válidos: DNIe ou os emitidos pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre). <input type="checkbox"/> COMPROMETOME a aceptar e dar por válidas todas as notificacións/comunicacións que a Deputación de Pontevedra realice por correo electrónico e/ou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público no correo electrónico _____ que, no caso de estar rexistrada na devandita Plataforma, deberá ser o mesmo. 	
Lugar e data:	
_____ de _____ de 20__	Asno:

Os datos desta ficha serán tratados segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999 e na R. D. 1720/2007 de protección de datos de carácter persoal, podendo ser incorporados aos ficheros de Deputación de Pontevedra relacionados con este trámite. En calquera momento poderá solicitar a súa inspección, modificación ou supresión no seguinte enderezo: www.depo.es. Para a súa asistencia técnica poderá contactar coa seguinte dirección de correo electrónico: atencioalcliente@depo.es

11. No caso de actuación en representación

Pazo da Deputación, avda. Montero Ríos, s/n, 36071 Pontevedra. Tel.: 986 804 100 - Fax: 886 210 226 - contratacion@depo.es - www.depo.es

ANEXO III. MODELO DE ACREDITACIÓN DE SOLVENCIA TÉCNICA DOS SERVIZOS REALIZADOS

ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA TÉCNICA E PROFESIONAL RESPECTO DOS SERVIZOS REALIZADOS POLO CONCURSANTE NOS DERRADEIROS CINCO AÑOS

TÍTULO DO CONCURSO: _____

Nº EXPEDIENTE: _____

Dna./D. _____, con DNI núm. _____, en nome propio ou en representación da empresa _____, con NIF _____, DECLARA que a relación dos servizos obxecto do presente concurso realizados nos últimos cinco anos son os que se recollen na seguinte táboa:

TÍTULO DO CONTRATO	OBXECTO	DATA		IMPORTE DO ANO 2012	IMPORTE DO ANO 2013	IMPORTE DO ANO 2014	IMPORTE DO ANO 2015	IMPORTE DO ANO 2016	IMPORTE TOTAL DOS DERRADEIROS 5 AÑOS	DESTINATARIO
		INICIO	FIN							
TOTAIS										

_____, __ de _____ de 2017.

(Lugar, data, sinatura e selo do concursante)